

CAPITULO I

Artigo 1º.- Obxecto da norma.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da venda ambulante que se desenvolve e caracteriza por facer fora dun establecemento comercial pormanente no termo municipal de Betanzos e ó réxime sancionador aplicable a ela, de acordo cos requisitos, condicións e límites previstos na LO 2/1996, do 15 de xaneiro, e a Lei 7/1996, de 15 de xaneiro; a Lei 10/1998, do 20 de xullo reguladora do comercio interior de Galicia, e supletoriamente o RD 1010/1985, de 5 de xuño, xunto co Decreto 194/2001, de 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante da Xunta de Galicia (DOGA nº 161, de 21 de agosto), e modificado polo Decreto 171/2002, de 25 de abril (DOGA nº 96, de 21 de maio)

Artigo 2º.- Concepto.

Considérase venda ambulante, para os efectos da presente norma, aquela realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de xeio habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda.

Artigo 3.- Modalidades de venda ambulante.

As modalidades de venda ambulante permitidas no Concello de Betanzos serán as seguintes:

a) A venda ambulante en mercados periódicos, é dicir, aquela autorizada nos mercados situados en poboación, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste apartado están encadradas entre outras, as realizadas en feiras e mercadillos.

b) A venda ambulante en postos instalados na vía pública, aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados e que será autorizada con carácter excepcional.

c) A venda ambulante en mercadillos ocasionais: que é aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de firas, festas ou acontecementos populares

d) A venda ambulante en camión ou vehículo-tenda, que é a autorizada nos citados medios e en zonas ou lugares determinados.

e) A venda de produtos agrícolas de tempada polos propios produtores.

Artigo 4.- Suxeitos da venda.

A venda ambulante a vai poder exercer toda persoa física adicada profesionalmente á actividade do comercio polo miudo e que reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que fose de aplicación.

A venda de produtos agrícolas de tempada van a podé-la exercer as persoas físicas, aínda no caso de que non se adiquen profesionalmente á actividade de comercio polo miudo, sempre que reúnan os demais requisitos que para este tipo de venda se establecen nesta ordenanza.

Artigo 5º.- Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante.

Para o exercicio da venda ambulante as persoas deberán cumprí-los seguintes requisitos:

1º.- Ser persoa física e exercer por sí mesma a actividade de venda ambulante

2º.- Estar dadas de alta no correspondente epígrafe fiscal do IAE.

3º.- Estar da do de alta no réxime correspondente da Seguridade Social

4º.- Estar inscritos no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia (que se creou polo Decreto 194/01, do 26 de xullo, de Ordenación da Venda Ambulante) e dispor do correspondente documento acreditativo.

5º.- Ter contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.

6º.- Cumprir tódolos requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicables ós produtos autorizados que teñan á venda.

7º.- No caso dos estranxeiros : haberán de cumprí-las condicións e requisitos exixidos pola regulación vixente en cada momento. (se procede de países non comunitarios deberá estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo; e se procede de países comunitarios, ha de té-la tarxeta de residencia)

8º.- Estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos, actualizado, cando proceda á venda de artigos alimenticios.

9º.- Estar en posesión da autorización municipal correspondente para este tipo de venda.

10º.- Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade mercantil, a obriga de coñecer e cumprí-la normativa xeral de ordenación do comercio, disciplina de mercado e protección do consumidor e cumprí-las condicións e requisitos exixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto da venda.

11º.- As instalacións e maquinaria que se empreguen para os postos de venda terán que ser desmontables e reunirán e todos os casos, as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e decorosa presentación, podendo ordenala retirada das instalacións ou maquinaria que non reunan as devanditas características.

CAPITULO II.- COMPETENCIAS MUNICIPAIS.

Artigo 6º.- Corresponde ó concello de Betanzos, dentro do seu termo municipal:

1º. Concedé-la autorización para o exercicio da venda ambulante. O outorgamento da autorización municipal, para o exercicio da venda ambulante, é discrecional e estará sometida á comprobación previa polo Concello do cumprimento polo petionario dos requisitos legais en vigor para o exercicio do comercio; así como do establecido pola regulación do produto para o que se autoriza a venda.

2º. Revogar ou anulá-a autorización concedida cando desaparezan as circunstancias ou se incumpran as causas que motivaron a súa concesión, ou si se acredita o incumprimento de calquera das condicións da autorización, e poderá igualmente decidir entre a retirada temporal, a revogación ou anulación definitiva da autorización; en todo caso, e antes de adoptá-la resolución definitiva, concederáse un prazo de 15 días hábiles para que se formulen as alegacións que se estimen oportunas ó respecto. En ningún destes supostos, os titulares terán dereito a indemnización ou compensación ningunha por esta causa.

3º. Fixá-las taxas para o exercicio da actividade no dominio público municipal, na correspondente ordenanza fiscal.

4º. Establecé-la ubicación, datas e horarios de celebración das feiras e mercadillos do Concello; a súa modificación ou supresión.

5º. Determiná-los artigos dos que se autoriza a venda nos mercadillos que se celebren no termo municipal, de conformidade coa normativa específica que regule a comercialización de cada grupo de produtos e as prohibicións específicas contidas na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de Comercio Interior de Galicia.

6º. Establecé-las condicións necesarias para o desenrolo do tránsito normal de vehículos e peatóns, indicando as vías de circulación e os espazos de aparcamento, carga e descarga.

7º. Establecé-las condicións de vixancia e control no desenrolo da feira ou mercado

8º. Impoñé-las sancións correspondentes ás condutas constitutivas de infracción.

CAPITULO III.- REXIME XERAL DA AUTORIZACIÓN.

Artigo 7º. Autorización Municipal.

É o título habilitante para o exercicio da venda ambulante no Concello de Betanzos.

A súa vixencia será, no réxime ordinario, de 1 ano.

A Autorización é persoal e intransferibel, habilitará ó exercicio da venda ambulante ó seu titular, puidendo actuar no seu nome o seu cónxuxe ou parella de feito e os descendentes maiores de 18 anos, e ascendente, ate un máximo de 2 autorizados.

Só se dará unha autorización a cada titular e para un só posto de venda

A autorización municipal implica as seguintes obrigas ó seu titular:

- Ter á vista da clientela a autorización formalizada polo Concello
- Respetá-los horarios da feira ou mercado no que esté autorizado, aínda que esgotara as mercadorías
- Ir á feira mentendo o posto con actividade (a ausencia temporal xustificada, ha de comunicá-la ó Concello) e nas debidas condicións de presentación e hixiene.
- Cumplí-las condicións impostas na autorización relativas ó posto, e ós produtos autorizados (sexa de dimensións, sanitarias, etc)
- Ser respetuoso coa clientela e cos axentes da autoridade encargados do control e vixilancia da feira ou mercado.
- Depositá-los residuos xerados nos contedores instalados polo Concello, ó remate de cada feira ou mercado.

Artigo 8º.- Solicitud.

A autorización para o exercicio da actividade deberá ser solicitada polo interesado ou representante debidamente autorizado, en impreso formalizado no que se fará constar:

a) Nome e apelidos, enderezo para os efectos de notificacións, número do DNI e letra de identificación fiscal (NIF) ou do NIE - nº de identificación de extranxeiros- (do pasaporte en vigor), no seu caso. Iguais datos faránse constar cando a solicitude se formule por representante autorizado.

b) Feira ou mercado no a que se pretende exercé-la actividade de venda e o emprazamento solicitado.

c) Mercadorías ou artigos que pretende sexan obxecto da venda

d) Tempo polo que se solicita a autorización

e) Dimensións, expresadas en m², do espazo de ocupación que pretende, indicando, para estes efectos, se a venda se pretende realizar en posto desmontable ou dende vehículo ou furgón

O impreso da solicitude se acompañará da seguinte documentación:

1. Copia do alta no IAE

2. Copia do Alta na Seguridade Social

3. Copia do documento acreditativo de estar dado de alta no Rexistro Autonómico de Vendedores Ambulantes

4. Copia da póliza de responsabilidade civil suscrita en vigor polo período polo que se solicita a autorización de venda ambulante no Concello de Betanzos

Artigo 9º.- Outorgamento da Autorización Municipal.

Unha vez recibida comunicación favorable á solicitude de autorización, os solicitantes, co fin de obter ésta, deberán presentar, no prazo de 15 días hábiles, a seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade. No caso de que o solicitante sexa extranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte, do permiso de residencia e de traballo ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo se trate de extranxeiros e países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente, ou a documentación exixida en cada momento pola lexislación de extranxería.

b) compromiso expreso, que deberá constar así na solicitude, de que a persoa que vai exercer directamente a venda ambulante será o titular da autorización, actuando exclusivamente por conta e nome propios, así como a declaración, igualmente expresa, de coñecer e cumprí-las normas ás que debe axustarse a súa actividade no caso de ser autorizada. Deberá tamén incluírse o nome da persoa ou persoas que ocasionalmente poidan substituír no exercicio da actividade ó titular da autorización, segun o que se expresa no artigo 7.

c) Se a autorización afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.

d) Seguro de responsabilidade civil que garante a cobertura de calquera clase de risco que a maquinaria ou instalacións poida orixinar.

e) Pago das taxas municipais polo exercicio da venda no dominio público municipal, do exercicio polo que se solicita a autorización municipal.

f) Dúas fotografías actuais do solicitante tamaño carné.

g) Das persoas autorizadas se acompañará o xustificante da relación familiar que sexa e a documentación dos apartados a, c y f.

De non se presentar toda a documentación citada no prazo concedido no momento de facé-la solicitude, o solicitante disporá dunha prórroga do devandito prazo, polo mesmo tempo, para enmendá-lo defecto, debendo presentar toda a documentación necesaria para completá-la solicitude; no caso de non presentá-la citada documentación, consideraráse que desiste da súa petición.

Artigo 10º.- Contido da Autorización.

O Concello de Betanzos expedirá as autorizacións en documento normalizado, no que se farán constar os datos exixidos polo artigo 14 do Decreto 194/2001:

- Identificación do titular, con nome completo, número do DNI e fotografía
- Prazo de vixencia da Autorización
- Modalidade de comercio ambulante autorizado
- Dimensións e tipo de posto a instalar, e o seu emprazamento no perímetro feiral
- Productos autorizados para a venda
- Número de rexistro municipal outorgado ó titular da Autorización
- Condicións particulares ás que se suxeita a autorización da actividade, de sé-lo caso
- Persoas autorizadas ás venda

O documento orixinal e normalizado da Autorización deberá ser exhibido polo comerciante durante o exercicio da actividade, colocada no posto en lugar perfectamente visible.

Artigo 11º.- Rexistro Municipal de Vendedores Ambulantes

1º.- Créase o Rexistro municipal de vendedores ambulantes, que será xestionado polos servizos municipais de consumo e mercados e a inscrición nese será consecuencia inmediata da concesión da autorización municipal correspondente para o exercicio da actividade.

2º.- A inscrición dos titulares de autorizacións municipais de venda ambulante vixente ó tempo de posta en funcionamento deste rexistro farase de oficio pola autoridade municipal, sen que sexa precisa a solicitude formalizada por aqueles; non obstante, estarán obrigados a comunicar e acreditar os datos que se lles requiriran para a efectiva inscrición no Rexistro, sendo sancionados os incumprimentos non xustificadas coa retirada da autorización municipal de venda ambulante.

3º.- Igualmente a inscrición no devandito rexistro de todo vendedor que cause nova alta na venda ambulante, farána de oficio os servizos municipais de consumo e mercados.

4º.- Realizada a inscrición, expediráselle ó comerciante inscrito un carné profesional de vendedor ambulante, cunha vixencia de un ano.

5º.- O contido do carné profesional deberá ser:

- a) identificación do titular, nome completo, número do DNI e fotografía recente.
- b) período de vixencia
- c) Descrición literal do epígrafe fiscal no que figura dado de alta.
- d) Número de rexistro e selo da dependencia municipal correspondente
- e) Productos autorizados

Artigo 12º.- Renovación da Autorización.

A renovación da autorización farase entre o 1 e o 31 de xaneiro de cada ano. Cada cinco anos renovarase o carnet correspondente, esixíndose, en tal caso a documentación oportuna.

Anualmente terá que acreditarse estar de Alta na Seguridade Social, de ter suscrito o seguro de responsabilidade civil e aboná-las taxas municipais correspondentes.

Artigo 13º.- Traspaso da Autorización municipal de venda ambulante.

A) No caso de FALLECIMENTO OU RENUNCIA EXPRESA DO TITULAR, poderá autorizarse o cambio de titularidade a favor do cónxuxe ou parella de feito, descendentes ou ascendentes de primeiro grao do titular; neste caso deberá ser devolto o permiso á Administración e ésta determinará o seu outorgamento polo tempo que reste da autorización entre os solicitantes que cumpran tódalas condicións exixidas nesta ordenanza para o titular.

De haber máis de un parente do mesmo grao, terá preferencia o que acredite a continuidade na actividade e, en situación de igualdade, o de máis idade.

B) No caso de ENFERMIDADE do titular ou outra causa suficientemente acreditada que lle impida o exercicio da actividade, a Administración, a petición do titular, poderá autorizá-lo exercicio da venda ambulante ó cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou descendentes ate o primeiro grao de consanguinidade que estean designados na autorización. De non existir sustitutos tera dereito a reserva polo prazo da enfermidade, sem pre que non supere o prazo de invalidez da seguridade social.

Artigo 14º.- Extinción da Autorización Municipal.

1. Sen perxuízo do disposto noutros preceptos desta Ordenanza, as autorizacións se extinguen por:

a) Transcurso do prazo polo que se outorgaron, sen solicitá-la renovación ou sin pagá-las taxas municipais correspondentes, dentro do prazo establecido ó efecto

b) Renuncia expresa e escrita do titular.

c) Causas de interés público sobrevidas antes da terminación do prazo polo que se outorgou a autorización

d) Morte do titular

e) Subarrendo ou cesión do posto a un terceiro

f) Perda de algún dos requisitos establecidos no seu outorgamento

g) Non asistir a tres feiras ou mercados consecutivos ou seis alternos, ó longo da vixencia da autorización, salvo causa xustificada que deberá por en coñecemento do Concello, quedando ó criterio do órgano que otorgou a autorización

h) Falta de pago das sancións municipais que se impusesen

i) Cometer algunha das infraccións contidas nesta ordenanza, tipificadas como infracción grave, ou moi grave, ou reincidir na infracción

2. Salvo nos supostos de extinción polo transcurso do prazo, que operará automaticamente, os expedientes de extinción poderán iniciarse de oficio ou a instancia de parte, correspondendo a súa resolución ó Alcalde-Presidente.

Todo expediente de extinción será sometido a información pública durante quince días mediante nota-anuncio que se publicará no tablón de edictos do Concello, e no mercado ou feira.

3. As autorizacións quedarán sin efecto e poderán ser revocadas cando se incumpran as condicións con que foron outorgadas.

CAPITULO IV.- RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 15º.- Infraccións.

1. As infraccións e correspondentes sancións relatadas pola normativa referida no artigo 17 do Decreto 194/2001, se tramitarán polos procedimentos nelas contidos.

2. Constitúen infraccións á presente ordenanza as seguintes condutas, que se clasificarán en leves, graves e moi graves.

A) Serán faltas leves:

- producir ruidos, berros ou música que incumpran a ordenanza de ruidos e vibracións

- a falta de ornato ou limpeza das instalacións e da súa zona circundante, e non depositá-lo lixo nos contedores instalados no perímetro feiral
- instalá-lo posto fora do lugar sinalado, sempre e cando non perxudique a terceiro nen altere o normal desenvolviemento da feira ou mercado

- non respetá-los horarios establecidos polo Concello para cada feira ou mercado
- non ter á vista a autorización Municipal de Venta Ambulante en vigor.

B) Serán faltas graves:

- a reiteración por dúas veces en faltas leves
- non cumprí-las normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos
- a venda de produtos distintos dos autorizados
- non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercadoría
- a desobediencia das instrucións particulares de bó goberno transmitidas polos Axentes da Autoridade, atendé-las normas de orde e indicacións da Policía Municipal.

C) Serán faltas moi graves:

- a reiteración por dúas veces de faltas graves
- o exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente
- a instalación dos postos sen autorización ou fora do lugar sinalado causando perxuizo a terceiro ou alterando o normal desenrolo da feira ou mercado

Artigo 16º.- Sancións.

As sancións que se aplicarán, pola comisión das condutas constitutivas de infracción da presente ordenanza, serán:

1. Por faltas leves, multas de 001 a 30,00 euros.
2. Por faltas graves, multas de 30,01 a 60,00 euros
3. Por faltas moi graves:

- multas de 60,01 a 120,00 euros
- suspensión ou revogación da autorización
- decomiso da mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados

4. Correspóndelle ó señor Alcalde-Presidente a imposición de multas e demais sancións.

Artigo 17º.- Medidas cautelares.

En tódolos casos de suposta infracción establecido nos artigos anteriores poderáse, ó tempo de apreciarse a súa comisión, reter cauteleramente a autorización de venda ambulante, en tanto se tramite o expediente correspondente e se resolva definitivamente a sanción a aplicar. O tempo de duración da retención cauteler será producido do que, se é o caso, se fixe na sanción e durante a súa vixencia suporá a prohibición de exercé-la actividade comercial.

Artigo 18º.- Reincidencia.

Apreciarase a existencia de reincidencia cando no termo dun ano se cometa por un mesmo infractor máis dunha infracción de idéntica natureza e feitos, sancionados en resolución administrativa firme. A reincidencia así apreciada poderá dar lugar, ademais da sanción económica, a retirada definitiva da autorización de venda ambulante.

Artigo 19º.- Procedimento.

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza será de aplicación o Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora; a Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común, e demais normas concordantes.

CAPITULO V.- CONDICIONS ESPECIFICAS DE CADA MODALIDADE DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE BETANZOS.

As feiras e mercados que se realizan no Concello de Betanzos son:

1. Mercado
2. Feira
3. Feira Franca Medieval
4. Feira do Viño
5. Feira do Queixo
6. Outras feiras e mercados de carácter ocasional

Subcapítulo 1.- "O Mercado"

O Mercado celébrase no Concello de Betanzos para estimulá-lo desenrolo agrario da comarca de Betanzos e facilitar á poboación o abastecimento de productos naturais da terra de consumo diario.

UBICACIÓN:

Na actualidade se instala no espacio denominado "Cantón de Claudino Pita"

Os postos de venda instalaráanse cuidando de non facé-lo nos accesos a edificios de uso público, establecementos industriais ou comerciais, diante dos escaparates ou exposicións, ou de xeito que dificulten tales accesos á circulación peatonal.

Dentro do perímetro do "Mercado" o Concello instalará contedores para depositá-lo lixo ocasionado pola actividade comercial.

DATAS:

Martes, xoves e sábados de cada semá, salvo vísperas e posteriores a feira.

HORARIO:

- a) Descarga e instalación: 8:00 a 9:00 h.
- b) Actividade comercial: de 9:00 a 14:00 h.
- c) Carga e recollida dos postos: de 14:00 a 15:00 h.

VENDEDORES:

Serán os mesmos produtores dos artigos da horta da comarca de Betanzos.

POSTOS:

Dimensión máxima: 2 x 1,5m.

En ningún caso poderán exhibirse os productos directamente enriba do chan, debendo estar en mesas para garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade, ou, en directamente nas cestas, situadas a unha altura mínima do chan de 0,60m e estarán dotadas de parasois e protectores que eviten o deterioro das mercadorías pola choiva e o sol. En todo caso, o vendedor extremará a limpeza na zona da venda.

PRODUCTOS

Artigos da horta producidos na comarca de Betanzos.

Subcapítulo 2.- "A Feira"

Celébrase no Concello de Betanzos coma un xeito de desenrolo da comunidade, de dinamizá-la produción da comarca e estimulá-lo intercambio económico mantendo esta forma de comercio tradicional.

UBICACIÓN:

Conta con dous espazos perfectamente separados:

- Feira do Gando: se celebra no recinto feiral de Bellavista.

- A Feira: actualmente se instala no espazo comprendido entre a Pza de Hermanos García Naveira, o Cantón de Claudino Pita e a rúa do Castro.

Os postos de venda instalaráanse no espazo delimitado polo Concello, deixando libre os accesos a edificios de uso público, establecementos industriais ou comerciais, o espazo diante dos escaparates ou exposicións, e de xeito que non se dificulten tales accesos á circulación peatonal.

DATAS:

Os días 1 e 16 de cada mes, a excepción do 1 de decembro que se celebra o 30 de novembro.

HORARIO:

- a) Descarga e instalación: 6:00 a 9:00 h.
- b) Actividade comercial: de 9:00 a 14:00 h.
- c) Carga e recollida dos postos: de 14:00 a 16:00 h.

VENDEDORES:

Poderán exercé-la venda ambulante tódolos comerciantes que posúan a correspondente Autorización municipal, nas condicións nela recollidas.

POSTOS:

- Dimensións máximas: 6 x 3m.
- A estrutura debe ser metálica, facilmente desmontable e transportable, cunha cobertura de lona ou toldo impermeable.
- Debe ter unha tarima cunha altura mínima, a contar dende o chan, de 0,60m.
- Deben ter un receptáculo con tapadeira dentro do posto para verté-los residuos xerados na actividade do comercio.
- Os postos teñen que estar en boas condicións de aseo e hixiene

PRODUCTOS:

Os artigos autorizados para a venda nos postos desmontables son:

1. Alimentación: froita, hortalizas e verduras, patacas, queixos do país e curados, etiquetados, ovos, embutidos, carnes curadas, produtos do forno (pan e biscoitos) e churros.
2. Xeral: textil e calzado
3. Artesanía e bisutería en xeral
4. De tempada: árbores frutais, plantas e flores.

Subcapítulo 3.- Festas populares e outros "mercadillos" ocasionais.

(Feira Franca medieval, Feira do Queixo, Feira do Viño, Mercado Ecolóxico, etc)

Este tipo de feiras ou mercadillos poderá-los organizá-lo Concello de Betanzos, de xeito periódico ou esporádico como unha maneira de fomentá-lo turismo do Concello, ou para lográ-la revitalización comercial dun sector artesanal ou de interese para a comarca.

No devandito acordo fixarásese:

- a) A ubicación dos devanditos "mercadillo"
- b) Días e horario de celebración dos mesmos.
- c) Produtos autorizados
- d) Condicións específicas dos postos, se fosen exixibles
- e) As especialidades respecto do réxime xeral de outorgamento de autorizacións, tales como vixencia da mesma, prazo de solicitude, persoas recollidas na súa vixencia
- f) Taxa municipal correspondente (importe e prazos)

Disposición adicional.

Quedan excluídos do ámbito desta ordenanza a regulación dos postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable nos que se desenvolvan actividades comerciais de xeito habitual e permanente mediante a oportuna concesión administrativa (quioscos de prensa e similares), que se rexerán polas súas normativas específicas.

Disposicións derogatoria.

Queda derogado o Regulamento de venda ambulante dentro do termo municipal de Betanzos, aprobado polo Concello en Pleno o día 18 de marzo de 1992.

Betanzos, 9 de maio de 2005

Asdo.: Manuel Lagares Perez

ALCALDE-PRESIDENTE